



SERVIZO XURÍDICO 2026

Dirixido a persoas con discapacidade intelectual
ou do desenvolvemento e aos seus familiares



Este documento
está en lectura fácil

Subvenciona:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

Organiza:

FADEMGA
Plena
inclusión
Galicia

O Servizo xurídico de FADEMGA Plena inclusión Galicia

O servizo xurídico de FADEMGA é un apoio que ofrecemos durante todo o ano, a través do Programa de Apoio Familiar e Persoal.

Está dirixido a persoas con discapacidade intelectual e aos seus familiares.

Este servizo responde dúbidas de carácter legal e xurídico sobre temas como:

- Dependencia.
- Dereitos persoalísimos como o matrimonio, o contrato laboral, o dereito á imaxe, o voto.
- A curatela
- A garda de feito.
- O testamento.
- Internamentos involuntarios.
- Patrimonio protexido.
- Adopción de medidas de apoio á capacidade xurídica.
- Revisión de sentenzas.
- Responsabilidade penal e civil de persoas con medidas de apoio na súa capacidade xurídica.
- Poderes e mandatos preventivos.
- Outros relacionados (a valorar).

O Servizo Xurídico ten **2 modalidades de atención:**

- 1.As consultas individuais.
- 2.As charlas xurídicas.

A continuación ímos a coñecer en que consiste cada modalidade.



AS CONSULTAS INDIVIDUAIS

Estas consultas serven para resolver dúbidas persoais tanto das propias persoas con discapacidade intelectual como das súas familias.



Como podes solicitar unha consulta?

Tes que solicitar a consulta por escrito no formulario que está na nosa páxina web. Podes acceder [nesta ligazón](#) ou escaneando o **QR**.



Para pedir a consulta individual tes que enviarnos o formulario cuberto cos teus datos, indicando se necesitas factura e os datos para a mesma.

Tamén podes solicitar a consulta cubrindo o formulario a través do teu servizo social de referencia, como a túa asociación ou Concello.

En ambos casos debes enviar o formulario a:
familias@fademga.org



Como atendemos unha consulta?

Atendemos as consultas por orde de chegada, agás nos casos de urxencia. Podes solicitar a túa consulta en calquer momento. O normal é que o día da consulta sexa o último xoves de cada mes.

Despois de que presentes a túa solicitude confirmámosche o día, lugar, hora e a forma na que ímos atender a consulta. que pode ser **presencial** ou **virtual** a través de vídeo-chamada por aplicacións como WhatsApp, Teams ou Zoom.



Datas das consultas en 2026

No seguinte cadro podes consultar as datas de atención deste ano 2026.

As solicitudes deben chegar á Federación 7 días antes da data solicitada para a consulta.

MES	DATA
Xaneiro	Día 29
Febreiro	Día 18
Marzo	Día 26
Abril	Día 30
Maio	Día 28
Xuño	Día 25
Xullo	Día 30
Agosto	Día 13
Setembro	Día 24
Outubro	Día 29
Novembro	Día 26
Decembro	Día 17



Custo das consultas

Primeira consulta: **12 euros**.

Segunda consulta: **20 euros**.

As persoas con discapacidade intelectual e os seus familiares teñen dereito a solicitar un máximo de 2 consultas ao ano.

A Federación confirmará por escrito o lugar, data e horario da consulta. Unha vez confirmada, realizarase o ingreso do importe da consulta na conta: **IBAN ES87 2080 0300 89 3040126857** indicando no concepto: “Consulta xurídica + nome da persoa”.

Remitirase o xustificante de pago ao correo: **familias@fademga.org** antes da realización da consulta.



Aclaracións

Coas datas pechadas podemos organizar o servizo e garantir a dispoñibilidade da avogada un día ao mes.

As datas poden sufrir variacións. Neste caso, comunicaremos o cambio de data a asociación ou á persoa que teña solicitada a consulta.



Penalizacións

A persoa que solicite entrevista persoal e non acuda á cita sen ter un motivo xustificado, deberá pagar á Federación 50 euros, que é o custe medio por consulta.

As entidades teñen que aboar dito importe no caso de que a persoa sexa derivada por elas.

AS CHARLAS XURÍDICAS

As charlas xurídicas serven para explicar de maneira fácil temas xurídicos importantes.

As charlas están dirixidas a familias e a persoas con discapacidade intelectual e son impartidas pola avogada do Servizo Xurídico de FADEMGA.

O número mínimo de participantes é de 10 persoas e o máximo de 40 persoas. e a duración aproximada de cada charla é de 90 minutos.



Como podes solicitar unha charla?

As entidades interesadas en solicitar unha consulta teñen que cubrir o formulario de Charlas Xurídicas. Podes acceder ao formulario [nesta ligazón](#) ou escaneando o QR:



É recomendable non seleccionar máis de 2 temas por charla, para que a información quede máis clara ás persoas asistentes.

Unha vez indicados no formulario tódolos datos persoais e de facturación, debes enviálo por correo electrónico á Federación á dirección: **familias@fademga.org**

Tes que enviar o formulario un mes antes da data de celebración da charla xurídica que solicitas.



Temática das charlas xurídicas

Ente os temas que se abordamos nestas charlas destacamos:

- A adopción de medidas de apoio á capacidade xurídica.
- A dependencia.
- O testamento.
- O patrimonio protexido.
- Os dereitos persoalísimos.
- A autocuratela.
- O contrato de alimentos.
- Outros temas relacionados.



Data de celebración das charlas

FADEMGA prioriza que as charlas se celebren de luns a venres en horario laboral.

Dende FADEMGA acordamos coa avogada a data, horario, lugar e forma de realización para que a charla se adapte ás necesidades da entidade que a solicita.



Tipos de charlas

Ofrecemos 2 tipos de charlas:

1. Charla presencial,

nun espazo que facilite a asociación.

1. Charla en liña,

a través de Teams e outras plataformas similares.

Nesta modalidade, enviamos unha ligazón por e-mail para que as persoas interesadas poidan conectarse.



Criterios de concesión das charlas

Para que a solicitude de charla sexa aceptada FADEMGA terá en conta os seguintes criterios:

- A solicitude ten que facerse por escrito cubrindo todos os apartados [do formulario](#).
- As persoas asistentes deberán ser un mínimo de 10 e un máximo 40. Cando esté garantido que o 80% das persoas asistentes son familiares e persoas con discapacidade intelectual tamén poderán acudir persoas con outro perfil como profesionais ou persoas voluntarias.
- Ás entidades que incumpran algún dos requisitos anteriores denegaráselles a concesión da charla.
- Para a concesión das charlas FADEMGA seguirá a orde de chegada das fichas de solicitude.
- Na concesión da charla terán prioridade as asociacións membro de FADEMGA e as que fagan por primeira vez a solicitude.
- No caso de que o número de solicitudes supere o orzamento dispoñible para o programa:
 - As entidades pendentes da concesión da charla pasarán a formar parte dunha lista de espera e irán tendo saída conforme sexa posible o seu financiamento.
 - Darase prioridade ás entidades máis participativas e implicadas coa Federación.



Custo das charlas

50 euros: as entidades asociadas a FADEMGA Plena inclusión Galicia.

75 euros: as demais entidades.

Nos días previos á charla, a Federación confirma o lugar, data e hora. Unha vez confirmada, a entidade deberá ingresar o importe da charla na conta: **IBAN ES87 2080 0300 89 3040126857**, indicando no concepto: **“Charla xurídica + nome da entidade”**.

Remitirase o xustificante de pago ao correo **familias@fademga.org** antes da realización da charla.

O resto do importe de cada charla (entre un 55 e un 70 por cento) é asumido por FADEMGA a través do Programa de Apoio Familiar e Persoal, subvencionado pola Xunta de Galicia grazas ás persoas que marcan o recadro de **interese social** na súa declaración da renda.



Penalización

No caso de que na data sinalada para a charla non asista un mínimo de 10 familiares e persoas con discapacidade intelectual a entidade solicitante terá que asumir o custe total e non poderá solicitar outra charla ata que pase un ano, a non ser que exista motivo xustificado e documentado.



Suxerencias

Se algunha entidade non chega a ter o número mínimo de persoas participantes, cabe a posibilidade de organizar unha charla conxunta con outra entidade da zona.



FADEMGA

 **Plena**
inclusión
Galicia

Falamos nas redes!



www.fademga.org